

1. DA ORIXE DA IDEA

1 de setembro de 2016

De mañá e como un traballador máis, Ramón Trigo entra en Astilleros Armada en Bouzas, Vigo. O antigo taller de carpintaría, aberto sobre o triplo espazo da nave, será o seu lugar de traballo por un tempo indeterminado. Canto? Ninguén o sabe. Mentres, Eduardo Armada será a súa sombra documentando fotograficamente o proceso do que alí aconteza. Todo é indefinición e, á vez, claro coma a auga omnipresente no lugar.

Cal é o propósito? Cal a intención? Basicamente interactuar co lugar e deixarse levar. Explorar, indagar no intrínseco do estaleiro e que o mesmo proceso sexa quen defina a liña de acción do proxecto. Aí radica grande parte do seu interese. Todo nace como crisol de enerxías por descubrir, sinerxías ocultas dunha arquitectura cuxa natureza emociona. Unha acción creativa con maiúsculas.

Ramón Trigo e Eduardo Armada chegan ao estaleiro con puntos coincidentes e referencias comúns de accións previas. Aínda así, as características específicas do proxecto son o suficientemente novas para que se xere a vertixe fundamental que calquera man e mente creadora necesita.

Atrás quedan *Transit* (2010) ou *Cinzas* (2014) xurdidos na fábrica conserveira abandonada. Para Ramón Trigo, coma sempre, trátase de empezar outra vez de cero. Renacer, reinventarse. Por outra banda, Eduardo Armada decidiu ser o seu *alter ego*. Fotografar e quizais documentar en vídeo o proceso será o seu obxectivo por un tempo ilimitado. Mestura explosiva de linguaxes e entre os dous, o estaleiro.

O proxecto está formulado meses antes de setembro de 2016. Só falta un pequeno e fundamental piar: o beneplácito da empresa. Non tería por que ser doado e non custa en exceso ver os problemas. Un estaleiro en actividade non é o lugar ideal para elementos alleos ás dinámicas do día a día. A ninguén lle estrañaría un “non” como resposta, pero finalmente, Astilleros Armada, de forma incrivelmente xenerosa, dá luz verde á idea. Os astros aliñanse e os ventos sopran de popa. *E a nave vai*, empeza a singradura.

PANTO- QUE

Panóptico

2. DO ARTISTA OBREIRO

setembro 2016 – agosto 2017

Os meses avanzan e o que naceu como unha idea empeza a tomar forma física e concreta. Curiosamente os procesos do estaleiro e do artista non resultan tan distantes como á primeira vista puidese parecer. Ambos os dous, partindo da súa materia prima e co esforzo humano, loitan pola creación de obxectos únicos que se sustenten por si mesmos. Dalgunha forma, plástica ou fisicamente deben funcionar, manterse a flote. O afundimento é o fracaso e nin se presenta como opción. Non sempre é doado de explicar, o abstracto fronte ao concreto.

Ramón Trigo e Eduardo Armada entran como elementos alleos ao proceso do lugar, pero en cuestión de días xa son parte do equipo. Non hai distinción entre obreiros, xa sexa do metal ou do visual, e o plan non previsto empeza a fluír de forma espontánea. Armada trata de relatar coa cámara mentres Trigo se deixa levar. Os temas van xurdindo con naturalidade e tomando forma en distintos formatos e soportes.

O traballo documental adquire unha forza inesperada que sorprende a todos e o que empezou á sombra do proceso pictórico camiña xa da man nun mesmo plano. A fotografía dá paso ao vídeo na busca da construción dun relato fiel e veraz do proceso. Un diálogo que se complementa, converténdose ambas as dúas linguaxes en imprescindibles na súa lectura conxunta e por momentos partes dun todo único.

A escala do lugar será fundamental ao configurar a estrutura da obra tanto en tamaño coma en cantidade. Como sen se decatara, todo se transforma e adapta ás dimensións das naves. Infinidade de fotografías, horas e horas de documentación en vídeo, así como unha cantidade xa inxente de debuxos e cadros.

O tempo pasa pero non hai prisa por abandonar o estaleiro, e iso xoga a favor da obra e do proxecto que xa ten nome: PANTOQUE. As estacións vanse dando o relevo unha a outra e ambos os dous artistas forman xa parte indisoluble do lugar. Os debuxos e bosquejos dan paso á pintura en papel, en taboleiro ou lenzo. Todo se constrúe *in situ*, dende os bastidores coa tea de saco ata a obra rematada. Finalmente, e nun proceso de busca inesgotable, xorden os obxectos esquecidos e devoltos polo mar: as esculturas. Estructuras atopadas que Trigo reconstrúe e reinterpreta nun intento de reanimar a súa vida inerte e darlles unha segunda oportunidade alén do seu futuro incerto, mentres PANTOQUE chega á súa primeira etapa final.

Galego

3. DA EXPOSICIÓN NO LUGAR

setembro 2017

Ramón Trigo e Eduardo Armada abandonan o estaleiro coa obra rematada e unha parte do ciclo pechada. As temáticas fóronse configurando soas na busca dunha narración continua que suxire ser exposta onde se creou, no estaleiro. Dende o humano –factor imprescindible– aos mecanismos, a natureza, a granalla, o taller, e os buques como elemento presente, unha vez máis os temas xurdiron de forma natural. O guión escribiuse practicamente a si mesmo.

Obra pictórica sobre lenzo, tableiro e papel, escultura, fotografía e vídeo conforman o todo de PANTOQUE. A posibilidade de levar a cabo unha mostra sobre o proxecto adquire unha dimensión inesperada. Un novo reto despois dun ano de traballo.

A idea dunha exposición no estaleiro está latente hai xa algúns meses. PANTOQUE nas súas orixes e como tributo ao lugar, á familia e aos operarios. Non obstante, ninguén dubida da imposibilidade de tal acción. Un estaleiro en pleno proceso de traballo non é un lugar viable para formular unha mostra aberta ao público. Por outro lado, é realmente necesario un público? Quizais non.

A reutilización do estaleiro como taller creativo durante un ano foi un éxito. Atopar o xeito de expoñer a obra no lugar que a viu nacer é un novo desafío que vai tomando forma. A mostra da obra rematada como acto simbólico de despedida e agradecemento ao lugar semella imprescindible.

Finalmente, o formato será un acto íntimo e efémero que –ante a imposibilidade de facelo público– se documentará como unha parte máis da acción PANTOQUE. Un paso previo á exposición pública na cidade. Non obstante, é tal a relación da obra co estaleiro que resulta difícil imaxinala fóra do seu hábitat. Existe un lugar ideal? Debería saír PANTOQUE do estaleiro? Unha vez máis, preguntas na procura de resposta.

PANTO- QUE

Panóptico

4. DE “PANTOQUE” NO MARCO

inverno 2017-2018

PANTOQUE, como acción plástica, foi evolucionando, transformándose e adquirindo vida propia ao longo do tempo. Dada a temática e tipoloxía do proxecto, se algo estivo claro dende o principio foi que unha posible exposición debería ter lugar na cidade que a viu nacer. Vigo, o asentamento roubado ao mar, sitúase dende o mesmo inicio como causante e xeradora da idea orixinal. É de xustiza devolver á cidade o que, certamente, é seu.

Da valoración de todas as opcións posibles, xorde a idea de presentar PANTOQUE ao MARCO como proposta expositiva. En principio, dada a escala e alcance do proxecto, o espazo parece o perfecto para a súa exhibición pública. Con todo, unha dúbida sobrevoará de forma constante a idoneidade da decisión. Só o tempo poderá aclarar a infinidade de cuestións formuladas. PANTOQUE avanza e, aínda con máis preguntas ca respostas, e ventos non sempre favorables, finalmente o MARCO resulta ser “o lugar”.

A proposta segue adiante e a sensación de bo rumbo empeza a ser compartida. Un novo proxecto que esixe adecuar a totalidade da obra ao museo e, á vez, un regreso á orixe, procurando que esta obrigada descontextualización permita reler PANTOQUE sen perder a súa esencia. Entornar os ollos para enfocar dende preto e ver de lonxe a un tempo. Todo se reinventa e a idea inicial adquire unha nova vida, revisitada. Tras unha longa e dura travesía, PANTOQUE decidiu tomar o seu propio rumbo.

Galego

PANTO- QUE

Patío A1

DA NATUREZA

O primeiro foi a Natureza e despois o demais, o Estaleiro
Ela estivo alí dende sempre, el non
Sensación de temporalidade que co tempo se fixo definitiva
Respecto mutuo do matrimonio de conveniencia
Ela observa silenciosa, non dubida, e cando ten ocasión, lémbrao
Eu cheguei primeiro pero agora ti estás aquí

Galego

PANTO- QUE

Galería A1

DA ORIXE E O TALLER

Pensar en papel, falando so en voz alta
Lastrados polo peso específico do metal
Dende a soidade do artista de fondo
Onde o traballo transfórmase en poldro de tortura

Galego

PANTO- QUE

Patío A2

DOS MECANISMOS I/II

Metal sobre metal, movemento sobre movemento
Camiños de ferro infindos, nexo de mar e terra
Esqueletos mariños de pecios inexistentes
Homes vivos sobre vías mortas

Galego

PANTO- QUE

Galería A2

“E A NAVE VAI”

Ánimo inestable de relación imposible, motor imprescindible sen o que nada existe
Internarse no descoñecido dun mundo inabarcable que nunca deixa de sorprenden
Cruel e amable, doce e amargo, sempre en tensión ata en aparente calma
Demasiada poética para un ser vivo tan impredecible, case bipolar

Galego

PANTO- QUE

Patío A3

DOS MECANISMOS II/II

Brazos e pernas que chegan onde ninguén chega
Dispositivos que fan doado o inimaxinable
Máquinas pensadas para pensar
Volver á infancia, xogar a ser maior

Esta sección do estaleiro amosa unha obra en proceso.
Unha obra que se prolongará no tempo, abrangendo a
duración da mostra PANTOQUE. As vías engraxadas, as
poleas e os cables en tensión farán que o carro emerxa e
que o proceso comece de novo. Unha vez máis, o animal
será destripado.

PANTO- QUE

Galería A3

DO HUMANO GRANALLA

O posible, o necesario, o imprescindible.

Nexo de unión, elo fundamental dunha correa de transmisión insubstituíble

Terra e Mar, Gaia vs Neptuno

Eles soñaron o imposible e hoxe outros soportan os seus anhelos

Xeración tras xeración, *Sísifo revisited*

PANTO- QUE

Esculturas

DOS OBXECTOS ATOPADOS

O que ninguén quere, nin tan sequera o mar
Material de refugo, vida nova reatopada
Reinventar o preexistente, lembrar o esquecido
Memoria de obxectos inanimados de aparencia irreal